

**AO XULGADO DE INSTRUCCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
QUE POR QUENDA CORRESPONDA**

MARÍA XOSÉ ABUIN ÁLVAREZ, con NIF 31.836.309-P, en representación da FEDERACIÓN DE SANIDADE DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-SAÚDE), do cal é secretaria nacional, con enderezo na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10 - San Lázaro; 15707 Santiago de Compostela, comparece e **EXPÓN:**

Que, ao abeiro do artigo 265 do Real decreto do 14 de febreiro de 1882, que aprobou a Lei de axuízamento criminal, formula DENUNCIA polos delitos de MALVERSACIÓN DE CAUDAIS PÚBLICOS e/ou PREVARICACIÓN contra as autoridades e funcionarios da CONSELLARÍA DE SANIDADE, con enderezo no edificio administrativo de San Lázaro, s/n - 15703 Santiago de Compostela, que, após a preceptiva investigación, aparezan como responsábeis dos feitos que a seguir se relatan:

FEITOS

PRIMEIRO. De acordo coas competencias que lle outorga a Lei 6/1985, do 24 de xuño, e en cumprimento do Plan de actuacións para o ano 2014, o Consello de Contas de Galiza procedeu á fiscalización da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) no exercicio, sendo o seu resultado o que se recolle no informe aprobado o 15 de xuño de 2015 e publicado no seguinte enderezo de internet:

http://www.consellodecontas.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2012/164_D_FUNDACION_PUBLICA_FEGAS_2012_G.pdf

SEGUNDO. O informe analiza no seu apartado VII.1.1 o cadro de persoal da Fegas, realizando a seguinte consideración (páxina 48):

«Os máximos responsables das unidades de Xestión e Apoio Tecnolóxico e de Desenvolvemento e Innovación teñen categoría de auxiliares administrativos xefe de grupo, mentres

que tal e como se reflicte no cadro anterior, existe persoal adscrito ás citadas unidades con categorías e niveis laborais superiores».

TERCEIRO. No apartado VII.1.4 do informe, relativo á estrutura salarial, constátase o seguinte:

«En xeral, os conceptos retributivos integrantes dos resumos de nómina correspóndense cos previstos na normativa sobre retribucións vixente neste exercicio. Non obstante, obsérvase a existencia dos seguintes conceptos non regulados na Orde de confección de nóminas para 2012, **non constando informe favorable conxunto das direccións xerais de Función Pública e Orzamentos, previsto no artigo 25 da Lei de orzamentos de Galicia para 2012.**

Concepto	Importe anual devengado	N.º de perceptores
CPV	12.719,13	5
Compl. programas especiais	37.351,26	5
Total	50.070,39	10

Polo que respecta ao **CPV** (complemento de produtividade variable) o seu aboamento efectuouse a cinco efectivos, 4 do grupo A1 e o director, que percibiron un importe fixo nun determinado mes en concepto de liquidación CPV, observándose que a súa contía é igual en tres dos casos, do que se deduce que **non ten carácter variable nin hai constancia da súa determinación en función do nivel de cumprimento de obxectivos.** Neste senso o artigo 21 da Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2012 establece que a súa contía individual se determinará conforme aos criterios sinalados no artigo 2.Tres.c) e na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, e nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

En canto ao **complemento programas especiais**, tres dos perceptores son **efectivos do grupo C2 (dous xefes de grupo e un condutor de instalacións) e os dous restantes do grupo A1.**

*Os importes anuais (aboados mensualmente) son inferiores a 1.500 euros para os perceptores do grupo A1, acercándose aos 3.000 euros no caso do condutor de instalacións e situándose en **15.892 euros anuais para os dous perceptores xefes de grupo**. O seu aboamento foi aprobado por Resolución da División de Recursos Humanos do Sergas do 25 de xuño de 2008, sendo prorrogada a relación de perceptores e os seus respectivos importes por outra do 27 de xaneiro de 2012. **No caso dos xefes de grupo, obsérvase que as súas retribucións íntegras anuais foron iguais, situándose na zona alta das percibidas polos do grupo A1, permitindo unha equiparación retributiva co posto de xefatura de servizo. Estes efectivos desempeñan as funcións de responsables das unidades de Xestión e Apoio Tecnolóxico e Desenvolvemento e Innovación, polo que os importes percibidos por este concepto veñen a retribuír o desempeño destes postos que, de outra forma, non poderían percibir por non corresponder coa súa categoría profesional.***

CUARTO. As irregularidades constatadas polo informe do Consello de Contas son coincidentes coas denunciadas no escrito (achégase copia con este escrito) que a Sección Sindical da CIG de Persoal Funcionario nos Servizos Centrais da Xunta de Galiza entregou á Conselleira de Sanidade o 28 de xullo de 2014, no cal se puña de manifesto que un auxiliar administrativo da Fegas, D. Rodrigo Gómez Ruiz, estaba a desenvolver funcións de carácter directivo no Servizo Galego de Saúde e percibindo as retribucións propias dun funcionario do grupo A1, sen superar o preceptivo proceso selectivo. Cómpre sinalar que o citado auxiliar administrativo chegou a figurar no directorio telefónico da Xunta de Galiza co cargo de xefe do Servizo de Innovación Sanitaria, aínda que tal mención foi retirada tras a denuncia feita por este sindicato.

QUINTO. A conduta consiste en beneficiar determinados empregados públicos co pagamento de retribucións superiores ás propias da súa categoría profesional pode ser constitutiva de delitos de **malversación de caudais públicos**, tipificado no artigo 432 do Código penal, que castiga coa pena de prisión de tres a seis anos e inhabilitación

absoluta por tiempo de seis a dez anos á autoridade ou funcionario público que consinta que un terceiro, con ánimo de lucro, substraia os caudais ou efectos públicos que teña ao seu cargo por razón das súas funcións; e/ou **prevaricación**, previsto no artigo 404 do Código penal, que atribúe penas de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de sete a dez anos á autoridade ou funcionario público que, a sabendas da súa inxustiza, dite unha resolución arbitraria nun asunto administrativo.

Polo exposto,

SOLICITA AO XULGADO: Que teña por presentado este escrito, coas súas copias e documentos anexos, admitindo a presente denuncia e acordando a súa tramitación coa maior urxencia, a fin de investigar os feitos denunciados para esclarecer as eventuais responsabilidades penais que deles dimanen.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2014.

A secretaria nacional da CIG-Saúde

María Xosé Abuín Álvarez